

Venres, 28 de decembro de 2018

LEI 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

(...)

CAPÍTULO IX

Economía, emprego e industria

Artigo 33. Modificación da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia

Modifícase o artigo 7 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, coa seguinte redacción:

«Artigo 7. *Composición e designación*

1. O Consello componse dos trinta e sete membros seguintes:

a) Unha presidencia.

b) Doce membros designados polas organizacións sindicais que obtivesen a condición de máis representativas, en proporción á súa representatividade, de acordo coa Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e co Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

c) Doce membros designados polas organizacións empresariais que gocen de capacidade representativa, en proporción á súa representatividade, de acordo co Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

d) Doce membros coa seguinte distribución: catro representantes do sector agrario, dous do sector marítimo-pesqueiro (un da pesca de baixura e outro do marisqueo), un representante da economía social, dous representantes das persoas usuarias e consumidoras e tres representantes das universidades de Galicia.

O Consello estará asistido por unha secretaría, que actuará con voz pero sen voto.

2. Os membros do Consello indicados na letra d) anterior serán propostos, en cada caso, polos órganos e entidades que a seguir se indican:

a) Sector agrario: polas organizacións profesionais con maior implantación no sector en Galicia.

b) Sector marítimo-pesqueiro: pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

c) Economía social: polo Consello da Economía Social de Galicia.

d) Persoas usuarias e consumidoras: polo Consello Galego de Consumo.

e) Universidades: un por cada xunta de goberno das da Coruña, Santiago e Vigo.

3. Nos supostos a que se refiren as letras b), c) e d) do número 1, designarase igual número de suplentes que membros titulares.

4. Cada membro do Consello ten un voto persoal e unicamente delegable na persoa nomeada como suplente.».